

Recursos humanos discapacitados. Ausencia de Mercado. Escasa Formación.

Por Ángel Alonso González. Economista experto en exclusión social, economía social e emprego.

Resumo: Incluiremos datos que permiten evaluar o colectivo de discapacitados como ausente do Mercado de Traballo, en concreto da súa baixa taxa de actividade con respecto os “capacitados”. Tamén aportaremos datos sobor da escasa formación alcadada por estes recursos humanos. Non resulta difícil vincular ambas variables e incluso resaltar o feito de que cando as persoas con algunha discapacidade acuden o mercado a súa produtividade podería haber incrementado cun proceso de formación. As persoas con discapacidades se atopan con “barreiras de formación” que é preciso eliminar. Tamén establecemos unha relación da formación co emprego, a luz dos datos oficiais que figuran na enquisa de poboación activa (EPA) e que se publicaron por última vez como anexo para as persoas con discapacidade, no segundo trimestre do ano 2.002. As cifras trocan un pouco aínda que a tendencia continúa.

Abstract:

Introducción.

Centraremos este artigo en dous conceptos claros para tentar non confundir o lector. Actividade e paro. Primeiro é conveniente defini-los, pois son conceptos técnicos e o seu manexo común pode levar a máis dunha confusión. Para elo, seguiremos as definicións seguidas na Enquisa de Poboación Activa (EPA) que nos permiten acceder a unha metodoloxía e a datos oficiais.

A poboación activa é o conxunto de persoas en idade de traballar que manifiestan o seu desexo de face-lo. Está composto por dous grandes subconxuntos: a poboación ocupada (que realmente traballa) e a poboación desocupada ou parada (que non están traballando pero buscan activamente emprego). Para a súa medición ademáis dos números absolutos, que non soen expresar nada, usase a taxa de actividade: relación por cociente entre a poboación activa e a poboación en idade de traballar, expresada en porcentaxe.

A poboación desocupada ou parada é o conxunto de persoas que non están traballando e buscan activamente emprego. É precisa a búsqueda activa de emprego para pertencer a esta categoría (elo permite excluír a estudantes, amas de casa, desanimados, marxidados,... que non buscan emprego). Para a súa medición se emprega a taxa de paro: relación por cociente entre a poboación parada (recordemos que a búsqueda activa de emprego é condición) e a poboación activa (que busca traballo, que está no mercado) expresada en porcentaxe. A condición de búsqueda activa de emprego ademáis de non poseelo, fronte a simplemente estar nunha franxa legal para traballar, establece diferencias moi significativas e máis neste colectivo.

Indicadores básicos. Menos actividade e máis paro

Repasemos os últimos datos oficiais do INEM ofrecidos a través dun anexo a EPA (Enquisa de poboación activa) “As persoas con discapacidade e a súa relación co emprego” para o 2.002 e facendo referencia a esos dous indicadores e conceptos elementais. Se ben a súa actualización non é asidua si nos serve para ilustrar efectos.

	Con discapacidade	Sin discapacidade
Taxa de Actividade	33,7	70,0
Taxa de Ocupación	28,5	62,4
Taxa de Paro	15,3	11,0

Fonte INEM 2002

A grande maioría da poboación con algunha discapacidade non participa no mercado de traballo, pódese constatar segundo os datos que 2 de cada 3 persoas están en situación de inactividade (ausentes do mercado). A taxa de actividade para persoas con discapacidade sitúase no 33,7%, cando é do 70% para colectivos de persoas sen discapacidade.

Nos atopamos con dúas situacións paradigmáticas: menor actividade dos discapacitados e maior paro neste colectivo.

A diferenza abismal na actividade (1/2 menor para o colectivo de discapacitados) fai referencia a que ese colectivo non se incorpora o mercado de traballo, nin como ocupado, nin como parado (eiquí a condición de que non existe búsqueda activa de emprego é relevante).

A maior taxa de paro nos indica que aínda entre aqueles que superan a primeira traba, a actividade e se incorporan o mercado de traballo, sofren un desemprego maior (15,3/11,0). Eiquí so temos en conta os discapacitados que acuden o mercado de traballo buscando emprego, moitos se quedaron no camiño e non o buscan.

A taxa de paro dos discapacitados é un 40% superior o colectivo de persoas que non amosan ningunha discapacidade. Situándose nun 15,3% para persoas con discapacidade, fronte a un 11,0% para persoas non discapacitadas.

Oferta de traballo (SI)


A converxencia entre as taxas de actividade dos discapacitados (TAD) e a xeral da economía (TA) é un primeiro obxectivo para acadar unha participación real dos traballadores con discapacidade no mercado de traballo. A TA (taxa de actividade xeral) forma a oferta de traballo real (SI). Hai un colectivo impotante dentro dos discapacitados considerado como inactivo, polo que políticas encamiñadas a mellora-la empregabilidade cabería tildalas como axeitadas, anque podería plantexarse o seu contido concreto.

Analizamos unha serie temporal curta, posto que os datos oficiais do INEM son dabondo para os non discapacitados; non obstante son escasos para as persoas con discapacidade, presentados como anexo a EPA, cunha frecuencia moito menor.

Vexamos a luz dos datos, a TAD e a TA non converxen. A TAD sofre un decremento continuado pasando do 56,6 (ano 1986) a un 33,7 (ano 2002), mentras que a TA sofre unha evolución máis irregular pero levaa a decrecer como resultado da evolución do 74,8 (ano 1986) o 70 (ano 2002).

	1986	1999	2002
TAD	56,6	38,3	33,7
TA	74,8	61,5	70

Datos: EPA



A actividade o que ven a significar é que cada vez se incorporan menos discapacitados o mercado de traballo, ben sexa como ocupados (con traballo efectivo) ou parados (sen el pero buscando). Cada vez é maior a ausencia do colectivo discapacitado do mercado de traballo, co cal a búsqueda de empregabilidade (que ese colectivo se achegue o mercado de traballo), ben sexa como ocupado ou como parado, supón unha vantaxe respecto da posición de poboación inactiva que maioritariamente amosa.

A formación. Unha diferenza cualitativa

Si analizamos a composición de ambas poboacións (das persoas con discapacidade e das persoas sin ela) nos encontramos con que o nivel de formación é significativamente diferente. Hay dúas categorías avaliáveis se consideramos a formación: formación xenérica (Ex. a obtida en universidades) e a formación específica (de cara a un posto de traballo concreto). A formación xenérica califica para obter un nivel maior de remuneracións (acorde cá maior produtividade amosada) e a formación específica califica para moverse dentro do mesmo nivel das remuneracións

máis baixas as máis altas. En casos moi especiais poden posibilitar un troco de nivel. Os postos niveis 1, reservados para licenciados. Son acadados por elementos cunha formación xenérica de licenciado nalgunha especialidade (formación xenérica) e dentro deste nivel funciona a formación xenérica que posibilita a un licenciado cobrar moito máis cá outro con menor formación específica. En determinados casos, cabería un troco de nivel cando nos atopamos con suxeitos pertencentes a un nivel inferior pero cunha grande formación específica. Ex. Diplomados cun montón de cursos de formación, ocupando postos que corresponderían a licenciados. Ex. Alta dirección.

Pódese estimar grandes diferencias entre os recursos humanos con e sin discapacidades, como analizaremos no último punto. A discapacidade supón unha dificultade engadida cara a unha colocación e incluso, acadar un maior nivel de remuneracións.

Barreiras de formación.

É usual referirnos as dificultades especiais que teñen que superar algúns individuos ou colectivos, en termos de barreiras. Así, os conceptos de barreiras arquitectónicas e de comunicación fixéronse xa populares. Co termo barreiras arquitectónicas queremos referir as dificultades especiais que teñen que superar os individuos con mobilidade reducida. Co termo barreiras de comunicación, referímonos as dificultades as que se enfrontan os individuos con algunha deficiencia sensorial (especialmente, xordos e cegos). Así, é posible definir un terceiro tipo de barreiras, as barreiras de formación as que estarían sometidos tódolos individuos con algunha discapacidade.

Estas barreiras supoñen unha dificultade especial para o acceso a formación. A necesidade de educación especial axeitada as súas necesidades. Así é preciso axeitar os accesos e os lugares de estancia as necesidades das persoas con mobilidade reducida. É preciso, dotar de servizos e interpretes de LSE ou de Braile para xordos e cegos respectivamente. As dificultades para o acceso a unha formación reglada (en institutos e universidades) vese incrementada considerablemente para os individuos que posúen algunha discapacidade.

Barreiras de formación, cabería defini-la coma a especial dificultade a superar polo colectivo ou individuo con algunha dificultade especial (discapacidade).

Nos datos que veremos desglosados no epígrafe seguinte, pódese comprobar que os individuos que posúen algún tipo de discapacidade non acadan o nivel de formación que acadan os individuos sen discapacidade; isto quere decir, que non poden vencer as barreiras de formación e precisan esforzos suplementarios para superar as necesidades especiais que xeran.

Relación da formación co emprego. Algúns datos básicos.

Expresanse a continuación algunhas taboas que enfrontan a posición das persoas con discapacidade e as persoas sen discapacidade, segundo o nivel de estudos acadados (formación

regrada ou xeral). A posición dos colectivos de persoas discapacitadas agrávese tendo en conta a escasez de formación específica axeitada as necesidades especiais. Seguen unhas taboas que se refiren os datos absolutos das poboacións con e sen discapacidade, que permiten elaborar as taboas finais e que se adxuntan para facilitar unha consulta desglosada de calquera dato.

Persoas de 16 a 64 anos con discapacidade segundo o nivel de estudos terminados por sexo e grupo de idade (miles)

	Ambos sexos				Varóns			
	Total	16 a 24	25 a 44	45 a 64	Total	16 a 24	25 a 44	45 a 64
Total	2.339	2 144	2 740,8	1.454,2	1.265,8	85,9	407,0	772,9
Analfabetos	175,9	10,4	59,2	106,4	79,7	6,1	33,1	40,5
Educ. 1º	1.197,2	32,5	206,7	958,0	645,0	21,3	117,1	506,6
Educ. 2º1	518,0	60,4	258,0	199,5	299,6	39,2	147,3	113,1
Educ. 2º2	244,0	31,8	110,2	102,0	133,0	14,8	59,0	59,1
Educ. sup.	204,1	9,1	106,7	88,3	108,6	4,5	50,6	53,5

Persoas de 16 a 64 anos con discapacidade segundo o nivel de estudos terminados por sexo e grupo de idade (miles)

	Mulleres			
	Total	16 a 24	25 a 44	45 a 64
Total	1.073,4	58,3	333,8	681,3
Analfabetos	96,3	4,2	26,1	65,9
Educación primaria	552,2	11,2	89,6	451,4
Educ. secundaria primeira etapa	218,4	21,2	110,8	86,4
Educ. secundaria segunda etapa	111,0	16,9	51,2	42,9
Educación superior	95,6	4,6	56,1	34,8

Persoas de 16 a 64 anos sen discapacidade segundo o nivel de estudos terminados por sexo e grupo de idade (miles) (Continúa)

	Ambos sexos				Varóns			
	Total	16 a 24	25 a 44	45 a 64	Total	16 a 24	25 a 44	45 a 64
Total	24.600,9	4.761,3	12.263,9	7.575,7	12.255,6	2.422,9	6.174,4	3.658,3
Analfabetos	150,6	2,9	24,6	123,0	41,7	1,5	8,4	31,8
Educ. 1º	6.190,9	489,1	1.700,1	4.001,6	2.919,1	284,2	868,6	1.766,3
Educ. 2º1	7.201,1	1.932,9	3.902,2	1.366,1	3.792,6	1.067,0	2.059,8	665,7
Educ. 2º2	5.227,3	1.654,9	2.683,2	889,2	2.600,1	783,2	1.350,3	466,8
Educ. sup.	5.831,1	681,5	3.953,7	1.195,8	2.902,1	287,1	1.887,2	727,7

Persoas de 16 a 64 anos sen discapacidade segundo o nivel de estudos terminados por sexo e grupo de idade (miles) (Conclusión)

	Mulleres			
	Total	16 a 24	25 a 44	45 a 64
	Total 12.345,3	2.338,4	6.089,6	3.917,4
Analfabetos	108,8	1,4	16,3	91,2
Educación primaria	3.271,8	204,9	831,5	2.235,3
Educación secund. primeira etapa	3.408,5	865,9	1.842,3	700,3
Educación secund. segunda etapa	2.627,2	871,8	1.332,9	422,5
Educación superior	2.928,9	394,4	2.066,6	468,0

Agora establecemos unha comparación entre os datos para as persoas suxeitas a algún tipo de discapacidade e as persoas sen ningún tipo de restricción.

A porcentaxe de persoas que so realizaron estudos primarios é o dobre nos discapacitados que entre as persoas que non amosan estas condicións, mentres non representan nin a terceira parte se consideramos as persoas con estudos universitarios ou equivalentes. Esta primeira aproximación permítenos comprobar como as persoas con discapacidade amosan unha menor formación que as persoas sen problemas.

Razón entre as porcentaxes de persoas con estudos secundarios de segunda etapa ou superiores das poboacións con e sen discapacidade segundo o sexo e o grupo de idade.

	Total	16 a 24	25 a 44	45 a 64
Ambos sexos	0,43	0,58	0,54	0,48
Varóns	0,43	0,51	0,51	0,45
Mulleres	0,43	0,68	0,58	0,50

Razón entre as porcentaxes de persoas en cada ocupación dos colectivos con e sin discapacidade (Continúa)

	Ambos sexos				Varons			
	Total	16 a 24	25 a 44	45 a 64	Total	16 a 24	25 a 44	45 a 64
1. Direcc. Emp..e Admón.	0,90	0,18	0,71	0,79	0,80	0,00	0,69	0,71
2. Téc.cient./profes.cient.	0,58	1,01	0,70	0,44	0,58	2,81	0,68	0,40
3. Téc. e profes de apoio	0,65	0,88	0,67	0,66	0,67	0,37	0,74	0,65
4. Empregados oficina	0,78	1,03	0,89	0,74	1,09	1,59	1,29	0,88
5. Traballadores de serviz. restauración, comerciais	0,88	1,08	0,94	0,95	0,92	1,54	0,88	1,01
6. Traball. Cualif.sect. 1º	1,85	1,93	1,45	1,58	1,70	1,54	1,55	1,50
7. Artesáns/ traball manuf.	1,09	0,82	1,09	1,10	1,04	0,79	1,03	1,11
8. Oper. instalacións e maq	1,05	1,32	0,99	1,03	1,00	1,16	0,84	1,09

9. Traball. non cualificados	1,62	0,93	1,74	1,77	1,48	0,78	1,73	1,88
0. Forzas Armadas	0,59	1,44	0,69	0,32	0,62	1,68	0,71	0,32

Razón entre as porcentaxes de persoas en cada ocupación dos colectivos con e sen discapacidade (Conclusión)

	Mulleres			
	Total	16 a 24	25 a 44	45 a 64
1. Dirección de empresas e Admón. Púb.	1,13	0,44	0,74	1,00
2. Técnicos e profes. Cient. intelectuais	0,60	-	0,73	0,49
3. Técnicos e profes. de apoio	0,64	1,50	0,58	0,67
4. Empregados de oficina	0,59	0,87	0,68	0,59
5. Traball. servizos, restaur.,pers. e comerc .	0,90	0,92	1,03	0,89
6. Traball cualificados agricultura pesca	2,28	4,28	0,90	1,76
7. Artesáns e traball. Manuf.,construcc/miner	1,21	0,53	1,47	1,19
8. Operadores instalacións, maquin.,montad.	1,15	1,72	1,72	0,56
9. Traballadores non cualificados	1,84	1,31	1,79	1,66
0. Forzas Armadas	-	-	-	-

Esta comparación permítenos observar como as persoas con discapacidade ocupan posicións baixas, en canto o nivel profesional e que posúen unha escasa formación en relación cás persoas sen discapacidade. Este feito permite establecer que existen barreiras de formación e que estas non son superadas polas persoas con algún tipo de discapacidade o que require esforzos suplementarios de cara a supera-las necesidades especiais destes colectivos.

As persoas sen discapacidade non chegan a metade do nivel de estudos (formación reglada) das persoas sen discapacidade (0,43). Ocupan os niveis máis baixos de ocupación. Seguindo a clasificación profesional (oficial), non representan cotas superiores a unidade (e decir, maior presenza de persoas con discapacidade que sen ela) ata o nivel 6 da clasificación. Sendo inferiores para os niveis máis altos e superiores para os niveis baixos, a excepción do que sucede nas forzas armadas onde a presenza de discapacitados é casi nula (e no caso da muller minusválida testimonial).

Bibliografía

- *Alonso González, Angel. Inclusión por el empleo. Ed. Crónicas Visuales S.L. Vigo, 2004.
- *Alonso González, Angel e Bouso Cedrón, Pedro. Introducción práctica a la economía laboral. Ed. Ilustre colexio de Graduados Sociais de Pontevedra. Pontevedra, 1995.
- *Soledad Busto García. Implantación del sistema virtual de formación. SIVIF en Iberdrola. In Revista de Trabajo y Seguridad Social, Recursos Humanos, nº218. Ed. CEF, Madrid, 2001.
- *Verdugo, M.A. Jordán de Urríes, F.B. Bellver, F. e Martínez, S. (1998) Supported Employment in Spain. Vocational Rehabilitation, 11, 223-232.
- *www.inclusionweb.org

*www.mtas.es